

AXENTES QUÍMICOS: A IMPORTANCIA DA EDUCACIÓN NO CAMIÑO CARA Á PREVENCIÓN

CANEDA CABRERA, MANUELA

Técnica de Prevención de Riscos Laborais

LISTE LÓPEZ, SOCORRO

IES Pontepedriña, Santiago

1. Introducción

Cando as persoas rematan a súa etapa formativa e inician a súa vida laboral, atópanse, en moitos casos, e en sectores de actividade moi diversos, coa exposición a substancias químicas no seu posto de traballo, un risco importante e que precisa da concienciación de todos e todas, para eliminalo ou cando menos minimizalo.

Laboratorios, salóns de peiteado, industria química, industria madeireira, pero tamén outros sectores, como o téxtil ou o da limpeza, presentan exposición a axentes químicos que afectan en menor ou maior medida á saúde das persoas traballadoras.

Sabemos se estamos expostos a sensibilizantes, canceríxenos ou tóxicos para a reprodución no noso posto de traballo? Coñecemos que dereitos temos e que di a normativa de prevención ao respecto? E sobre todo, somos conscientes do importante papel que xoga a educación en todo isto?

2. Fundamentación teórica e práctica

Os estudos realizados polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) e, en concreto, o “**mapa de risco químico de Galicia**” (ISSGA 2014) aporta unha información interesante sobre cal é a situación nas empresas galegas.

A infradeclaración de enfermidades profesionais, que se está a dar tanto en Galicia como no resto do Estado, non axuda a mellorar esta situación, xa que impide ver e cuantificar os efectos desta exposición laboral na saúde. Comentar, a modo de exemplo, que no ano 2021 só se contabilizaron dous cancros de orixe laboral en toda Galicia.

3. Desenvolvemento

A exposición que vou facer está baseada na miña experiencia laboral, asesoramento a persoas traballadoras, a delegadas e delegados de prevención, visitas a empresas, revisión de informes e avaliacións, asistencia a reunións de Comités de Seguridade e Saúde nas empresas, etc.

Os profesionais da prevención vemos con preocupación como a **falta de formación, dificulta a concienciación** e a implantación da cultura preventiva, **especialmente no referente á exposición ao risco químico**, debido a que en moitos casos a relación causa-efecto non é tan

intuitiva cando falamos dun sensibilizante ou dun tóxico para a reprodución, como noutro tipo de riscos (riscos de seguridade, se me subo a un tellado sen atar podo caer, ergonómicos, etc.).

4. Conclusións

Nesta situación, **a educación é unha ferramenta adecuada e poderosa**, porque grazas ao coñecemento podemos conseguir que as persoas se cuestionen esta exposición a substancias e produtos químicos nos seus postos de traballo. É dicir, podemos xerar pensamento crítico e modificar a situación actual.

Un rapaz ou unha rapaza ao que lle ensinen, ademais doutros conceptos máis teóricos, o perigo que implica a exposición a certos axentes químicos, as enfermidades que poden contraer e sobre todo, a existencia dunha información á que sempre deben ter acceso (Fichas de Datos de Seguridade Química, en diante FDS), será o día de mañá un traballador ou unha traballadora que poderá reivindicar unhas condicións de traballo axeitadas, ou un empresario ou empresaria que implantará medidas preventivas de calidade. É un reto importante e apaixonante porque o que está en xogo é o noso ben máis prezado, a saúde!